

## CONVOCATORIA DE ADMISIÓN E MATRÍCULA NOS ESTUDOS DE DOUTORAMENTO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA, CURSO 2018/2019

En aplicación do disposto nos artigos 34.1 e 36.1 dos Estatutos da Universidade da Coruña (UDC), aprobados polo Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro; no Real decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento (modificado polo Real decreto 534/2013, de 12 de xullo, polo Real decreto 43/2015, de 2 de febreiro e polo Real decreto 195/2016, de 13 de maio); e de acordo co Regulamento de Estudos de Doutoramento aprobado polo Consello de Goberno do 17/07/2012. (Modificados os artigos 36, 37 e disposición transitoria terceira polo Consello de Goberno do 23 de abril de 2013; os artigos 38 e 44 polo Consello de Goberno do 24 de setembro de 2013; o artigo 15 polo Consello de Goberno do 27 de febreiro de 2014; o artigo 24 polo Consello de Goberno do 27 de maio de 2014; o artigo 36 polo Consello de Goberno do 24 de xullo de 2014; os artigos 1, 3, 15, 36 e 37 polo Consello de Goberno do 22 de xullo de 2015; os artigos 1, 3, 5, 11, 15, 21, 23, 24, 25, 26, 40, 42, 42bis, 43, 44, 45 e disposicións transitorias primeira e segunda polo Consello de Goberno do 26 de xaneiro de 2017).

**RESOLVO** publicar a convocatoria de admisión e matrícula nos estudos de doutoramento para o curso 2018/2019:

### ARTIGO 1. ÁMBITO DE APLICACIÓN

A presente convocatoria abrangue ao alumnado que, no curso 2018-2019, inicie os seus estudos de doutoramento (**alumnado de inicio**) ou que, admitido en cursos anteriores, continúe os seus estudos de doutoramento (**alumnado de continuación**).

### ARTIGO 2. REQUISITOS XERAIS DE ACCESO A UN PROGRAMA DE DOUTORAMENTO

Os requisitos de acceso nos estudos de doutoramento regulados polo Real decreto 99/2011 serán os establecidos na normativa vixente e no Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC.

**Son requisitos de acceso os seguintes:**

**2.1.** Con carácter xeral, para o acceso a un programa oficial de doutoramento será necesario estar en posesión dos títulos oficiais españois de grao, ou equivalente, e de mestrado universitario, ou equivalente, sempre que se tivesen superado, polo menos, 300 créditos ECTS no conxunto destas dúas ensinanzas.

**2.2.** Así mesmo, poderá acceder quen se atope nalgún dos seguintes supostos:

- Estar en posesión dun título universitario oficial español, ou doutro país integrante do Espazo Europeo de Educación Superior, que habilite para o acceso ao mestrado de acordo

<b>Código Seguro De Verificación</b>	ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	17/07/2018 23:03:16
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	1/14
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==">https://sede.udc.gal/services/validation/ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==</a>		



co establecido no artigo 16 do Real decreto 1393/2007 e ter superados un mínimo de 300 créditos ECTS no conxunto de estudos universitarios oficiais, dos que, polo menos 60, haberán de ser de nivel de mestrado.

- Estar en posesión dun título oficial español de Graduado ou Graduada, cuxa duración, conforme a normas de dereito comunitario, sexa de polo menos 300 créditos ECTS. Os/as devanditos/as titulados/as deberán cursar con carácter obrigatorio os complementos de formación requiridos polo programa, agás que o plan de estudos do correspondente título de grao inclúa créditos de formación en investigación equivalentes en valor formativo aos créditos en investigación procedentes de estudos de mestrado.
- Os/as titulados/as universitarios/as que, logo da obtención de praza en formación na correspondente proba de acceso a prazas de formación sanitaria especializada, superen con avaliación positiva polo menos dous anos de formación dun programa para a obtención do título oficial dalgunha das especialidades en ciencias da saúde.
- Estar en posesión dun título obtido conforme a sistemas educativos estranxeiros, sen necesidade da súa homologación, previa comprobación pola universidade de que este acredita un nivel de formación equivalente á do título oficial español de mestrado universitario e que faculta no país expedidor do título para o acceso a estudos de doutoramento. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo do que estea en posesión o/a interesado/a nin o seu recoñecemento a outros efectos que o de acceso a ensinos de Doutoramento.
- Estar en posesión doutro título español de doutor/a obtido conforme a anteriores ordenacións universitarias.

**2.3.** Os/as doutorandos/as que iniciasen o seu programa de doutoramento conforme a anteriores ordenacións universitarias, poderán acceder ás ensinanzas de doutoramento, logo da súa admisión de acordo con estas normas. En todo caso deberán reunir os requisitos establecidos con carácter xeral no Regulamento de estudos de doutoramento.

**2.4.** Poderán acceder aos estudos de doutoramento os/as licenciados/as, arquitectos/as ou enxeñeiros/as que estean en posesión do Diploma de Estudos Avanzados obtido de acordo co disposto no Real decreto 778/1998, do 30 de abril, ou alcanzasen a suficiencia investigadora regulada no Real decreto 185/1985, do 23 de xaneiro.

**2.5.** Poderán acceder aos estudos de doutoramento os licenciados/as, arquitectos/as ou enxeñeiros/as que estean en posesión dun título de mestrado oficial conforme ao Real decreto 56/2005 ou do Real decreto 1393/2007, modificado polo Real decreto 861/2010 ou superasen 60 ECTS de estudos de mestrado oficial.

**2.6.** Tamén poderán acceder aos estudos de doutoramento as persoas con titulacións anteriores ao Real Decreto 1393/2007, para as que se fará unha equivalencia de 60 créditos ECTS de nivel de mestrado de conformidade coas seguintes regras, aprobadas polo Consello de Goberno do 27 de febreiro de 2014:

- a) Un curso académico completo dun título universitario oficial español regulado por unha ordenación anterior ao RD 1393/2007 será considerado equivalente a 60 ECTS.

Código Seguro De Verificación	ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	17/07/2018 23:03:16
Observacións		Páxina	2/14
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==">https://sede.udc.gal/services/validation/ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==</a>		



**b)** No caso de ter cursada e superada unha titulación oficial española organizada en dous ciclos (primeiro e segundo ciclo) que, de acordo co apartado anterior, sexa equivalente a un mínimo de 300 ECTS, considerarase que 60 ECTS do segundo ciclo son de nivel de mestrado.

**c)** No caso de ter cursada e superada unha titulación de segundo ciclo que non constitúa continuación directa dun correlativo primeiro ciclo, e que o conxunto de créditos cursados e superados de primeiro e segundo ciclo sexa equivalente a un mínimo de 300 ECTS, considerarase que 60 ECTS do segundo ciclo son de nivel de mestrado.

**d)** Este recoñecemento de 60 ECTS de segundo ciclo como de nivel de mestrado referido nas liñas b) e c) só terá validez para os efectos de satisfacer os requisitos de acceso aos estudos de doutoramento da UDC, sen que supoña a adquisición de dereito algún sobre o título de mestrado universitario.

**e)** Todo o anterior enténdese sen prexuízo do disposto no artigo 16 do Regulamento de Estudos de Doutoramento da Universidade da Coruña, no relativo a requisitos e criterios adicionais de admisión que poida establecer a Comisión Académica dun programa de doutoramento concreto, así como, se é o caso, o establecemento de complementos de formación específicos, tal e como se recolle no artigo 7 do Real decreto 99/2011.

**2.7.** Tamén poderán acceder os/as diplomados/as, enxeñeiros/as técnicos/as ou arquitectos/as técnicos/as que acrediten ter superados 300 créditos ECTS no conxunto de estudos universitarios oficiais, dos que, polo menos 60, terán que ser de nivel de mestrado universitario.

**2.8.** Estar en posesión dun título universitario oficial que obtivese a correspondencia ao **nivel 3** do Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES), de acordo co procedemento establecido no Real decreto 967/2014, do 21 de novembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para a homologación e declaración de equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial e para a validación de estudos estranxeiros de Educación Superior, e o procedemento para determinar a correspondencia aos niveis do MECES dos títulos oficiais de Arquitecto, Enxeñeiro, Licenciado, Arquitecto Técnico, Enxeñeiro Técnico e Diplomado.

**2.9.** Segundo o acordado polo Consello de Goberno do 29/03/2017, reservárase un 5% das prazas dispoñibles para estudos de doutoramento universitario para os estudantes que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, así como para aqueles estudantes con necesidades educativas especiais permanentes asociadas ás condicións persoais de discapacidade, que durante a súa escolarización anterior precisaran de recursos e apoio para a súa plena normalización educativa. As prazas obxecto de reserva destes estudantes que queden sen cubrir, serán acumuladas ás ofertadas pola Universidade polo réxime xeral en cada unha das convocatorias.

### **ARTIGO 3. SOLICITUDE DE ADMISIÓN NUN PROGRAMA DE DOUTORAMENTO**

**3.1.** Poderán solicitar a admisión nos estudos de doutoramento, nos prazos indicados no anexo I, as persoas que reúnan os requisitos de acceso.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	17/07/2018 23:03:16
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	3/14
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==">https://sede.udc.gal/services/validation/ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==</a>		



A solicitude de admisión en programas de doutoramento realizarase a través da secretaría virtual, achegando á UADI (Unidade de apoio a departamentos e investigación) responsable da xestión do programa a documentación acreditativa de reunir os requisitos.

Calquera omisión ou falsidade na declaración dos datos da titulación de acceso ou do expediente académico que induza a facer unha valoración de expediente incorrecta poderá dar lugar á anulación da matrícula.

**3.2.** O alumnado poderá ser admitido nun programa de doutoramento conforme aos criterios de selección dos programas, que poderán establecer requisitos específicos para a admisión a un programa concreto de doutoramento, sempre que se fixesen constar na súa memoria de verificación.

A comisión académica de cada programa de doutoramento será a encargada da selección. Á vista das solicitudes presentadas, elaborará a lista provisional das persoas admitidas e excluídas (especificando o motivo da exclusión). De ser o caso, confeccionará unha lista de agarda.

No caso de que a comisión académica considerase que a persoa carece da formación previa completa esixida no programa, a admisión poderá quedar condicionada á superación de complementos de formación específicos que deberán superarse no prazo máximo de tres cuatrimestres consecutivos.

Contra a decisión da comisión académica, o alumnado poderá presentar unha reclamación, nos prazos sinalados para tal efecto. Unha vez resoltas, publicarase a lista definitiva de admitidos para realizar os estudos de doutoramento no curso académico 2018/2019.

Contra o acordo da comisión académica, cabe interpoñer un recurso de alzada perante o reitor.

**3.3.** No caso do alumnado proveniente de estudos de sistemas educativos estranxeiros, que estea pendente da resolución reitoral de equivalencia dos estudos cursados e superados, deberá figurar esta circunstancia na proposta de admitidos no programa. A súa admisión quedará condicionada á resolución positiva da equivalencia.

**3.4.** As respectivas UADIs responsables da xestión académica dos programas de doutoramento e os/as coordinadores/as dos programas, unha vez publicadas as listas de persoas admitidas, introducirán as admisións na aplicación informática. Enviarase a Oficina de Doutoramento da EIDUDC a documentación presentada polo alumnado debidamente cotexada, que acredite o cumprimento dos requisitos de acceso para seren admitidos nun determinado programa de doutoramento.

A documentación que acredita o cumprimento dos requisitos, deberá dirixirse ao/á coordinador/a do programa de doutoramento e deberá conter necesariamente:

- Copia do DNI ou pasaporte.
- Copia cotexada dos títulos universitarios oficiais que dean acceso os estudos de doutoramento.
- Certificación académica oficial dos estudos cursados.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	17/07/2018 23:03:16
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	4/14
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==">https://sede.udc.gal/services/validation/ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==</a>		



- De ser o caso, certificación do órgano competente de ter obtida a avaliación positiva de formación sanitaria especializada, polo menos de dous anos nun programa para a obtención do título oficial dalgunha das especialidade en ciencias da saúde.

Ademais, de ser o caso, deberase achegar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de admisión específicos do programa ao que pretendan acceder.

Presentarase tamén aquela outra documentación xustificativa de méritos alegados, de acordo cos criterios de admisión de cada programa.

### 3.5. Solicitude de admisión de alumnado cun título estranxeiro non homologado:

O alumnado que pretenda acceder a un programa de doutoramento e que estea en posesión dun título estranxeiro non homologado conforme a sistemas educativos alleos ao EEES, poderá solicitar a admisión nos estudos de doutoramento sempre que se acredite un nivel de formación equivalente a do título español de mestrado universitario oficial e faculte no país expedidor do título para o acceso aos estudos de doutoramento. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título previo nin o recoñecemento a outros efectos que os de acceso a estas ensinanzas.

A admisión realizarase a través da secretaría virtual do/a estudante, debendo presentar xunto coa admisión unha **“solicitude de equivalencia de estudos estranxeiros”** na UADI do centro. O alumnado poderá matricularse sen esperar a resolución de equivalencia pero a súa matrícula quedará condicionada a que esta sexa favorable.

**3.5.1 A Solicitude de equivalencia** aos correspondentes títulos españois deberá dirixirse ao reitor da universidade e presentarase na UADI do centro ao que está adscrito o programa de doutoramento. A Comisión Académica do Programa de Doutoramento emitirá un informe sobre a adecuación académica dos estudos cursados e, tras considerar se acredita un nivel de formación equivalente ao de mestrado universitario, informará sobre a posibilidade de acceso aos estudos de doutoramento correspondentes. Este informe remitirase á Oficina de Doutoramento da EIDUDC xunto coa documentación presentada.

Para os efectos de procedemento, a solicitude dirixida ao reitor deberá ir acompañada da documentación que se relaciona a continuación, traducida a calquera das dúas linguas oficiais na Universidade da Coruña; porén non será precisa a tradución oficial cando se trate de documentos redactados en lingua inglesa, francesa, portuguesa ou italiana. Nestes casos bastará a tradución que realice a propia persoa interesada, prevalecendo se houber discrepancia, a tradución que realice a Universidade da Coruña.

#### 3.5.2 Documentación que se debe de achegar coa solicitude de equivalencia:

- Título/s co/s que se accede ao doutoramento ou certificación da súa expedición.
- Certificado académico no que consten as materias superadas, a carga horaria de cada unha delas e os períodos académicos cursados. Se o certificado expresa a carga horaria das materias en créditos, debe de acompañarse da equivalencia dos créditos a horas lectivas teóricas ou prácticas.

Código Seguro De Verificación	ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	17/07/2018 23:03:16
Observacións		Páxina	5/14
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==">https://sede.udc.gal/services/validation/ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==</a>		



- c) Documento que acredite que o/s seu/s título/s facultan no país expedidor para o acceso aos estudos de doutoramento.
- d) Ter realizado o pagamento da taxa de solicitude de equivalencia de estudos estranxeiros.

Todos os documentos que se aporten deberán ser oficiais y estar expedidos polas autoridades competentes, de acordo co ordenamento xurídico do país de que se trate. Así mesmo, nos casos nos que sexa necesario, los documentos han de estar debidamente legalizados.

Non se exige ningún tipo de legalización para os documentos expedidos en Estados membros da **Unión Europea** ou signatarios do Acordo sobre o **Espazo Económico Europeo** (Islandia, Liechtenstein, Noruega). Igualmente, están eximidos de legalización os documentos expedidos por Suíza, por acordo bilateral coa Unión Europea.

Sen prexuízo de posibles acordos ou convenios de reciprocidade co resto dos países, os documentos expedidos no estranxeiro por estes deberán estar debidamente legalizados con arrego ás seguintes condicións:

- Documentos expedidos en países que subscribiron o Convenio da Haia de 5 de outubro de 1961. É suficiente coa "apostila" estendida polas autoridades competentes do país.
- Documentos expedidos no resto dos países. Deberán legalizarse por vía diplomática. O procedemento xeralmente establecido é o seguinte:
  - Ministerio de Educación do país de orixe.
  - Ministerio de Asuntos Exteriores do país onde se expediron ditos documentos.
  - Representación diplomática ou consular de España no país de expedición do título.

Aportarase o orixinal legalizado ou copia compulsada de dito orixinal legalizado

**3.5.3.** Non obstante, de acordo co disposto no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando no momento da formalización da matrícula, a persoa interesada non poida achegar a documentación requirida debidamente legalizada ou apostilada, bastará con que achegue una copia simple do documento de que se tratar, acompañada dunha copia da solicitude da correspondente legalización ou apostila.

Neste caso, a matrícula quedará anulada, sen dereito a devolución das taxas e prezos públicos aboados, por resolución reitoral, por proposta do Director da Escola Internacional de Doutoramento, se antes da finalización do primeiro cuadrimestre (de tratarse de matrícula realizada no 1º prazo) ou 2º cuadrimestre (de tratarse de matrícula realizada no 2º prazo), o/a interesado/a non presenta os documentos requiridos ou estes non están debidamente legalizados ou apostilados.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	17/07/2018 23:03:16
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	6/14
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==">https://sede.udc.gal/services/validation/ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==</a>		



#### ARTIGO 4. MATRÍCULA

Poderá formalizar a matrícula a través da secretaría virtual o alumnado admitido pola comisión académica do programa de doutoramento nos prazos sinalados no anexo I e seguindo o procedemento que se indica a continuación.

**4.1.** Deberá formalizar a matrícula de tutela académica, e de ser o caso, dos complementos de formación e/ou actividades formativas propias do programa de doutoramento acordados pola Comisión Académica correspondente no proceso de admisión, a través da secretaría virtual. A matrícula considerarase definitiva, unha vez comprobado que se reúnen os requisitos de acceso e a veracidade dos documentos declarados.

Poderase realizar a matrícula a tempo completo ou a tempo parcial. Para esta última modalidade, será requisito indispensable que sexa previamente outorgada esta condición pola comisión académica do programa de doutoramento, tras acreditar documentalmente que se atopan nalgún dos supostos que se enumeran no artigo 23 do Regulamento de Estudos de Doutoramento.

**4.2.** O alumnado deberá matricularse con continuidade desde a primeira matrícula nos estudos de doutoramento cada curso académico e ata a defensa da tese.

No caso de que un/unha doutorando/a non realice a matrícula anual nun curso académico, causará baixa no programa, salvo nos casos previstos por baixa temporal. A citada baixa producirá os efectos recollidos no artigo 21 do Regulamento de Estudos de Doutoramento.

De querer realizar a **matrícula a tempo parcial**, é preciso solicitala cada curso académico á Comisión Académica do programa, para o que se achegarán os documentos xustificativos.

#### **4.3. Matrícula do alumnado que teña realizado o depósito da tese de doutoramento.**

O alumnado que tivese iniciado o proceso de depósito da súa tese, se non realiza a defensa antes da finalización do prazo de matrícula -15 de outubro de 2018- deberá realizar a matrícula do curso 2018/2019 para poder realizar a defensa da súa tese.

#### 5. IMPEDIMENTOS PARA A ADMISIÓN E PARA A FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

**5.1** Ao abeiro do artigo 21.2 do Regulamento de Estudos de Doutoramento que regula a obrigatoriedade de matricularse anualmente no doutoramento, salvo nos casos previstos no art. 26 (baixa temporal nun programa de doutoramento).

Aquel estudante que non cumprise o requisito anterior, causará baixa no programa e non poderá solicitar a admisión nin matricularse

a) **No mesmo programa**, no curso académico no que causa a baixa e durante o curso académico posterior ao da baixa.

b) **Noutro programa distinto** no mesmo curso académico no que causa a baixa.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	17/07/2018 23:03:16
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	7/14
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==">https://sede.udc.gal/services/validation/ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==</a>		



Non obstante poderá iniciar de novo os estudos no mesmo programa de doutoramento a partir do 2º ano académico dende que causou a baixa, e nun programa de doutoramento distinto a partir do curso seguinte ao de causar a baixa. En ambos casos deben de solicitar de novo a admisión.

**5.2** Ao abeiro do artigo 26 do Regulamento de Estudos de Doutoramento que regula as causas da baixa definitiva nun programa de doutoramento, non poderán matricularse no programa de doutoramento que están cursando aqueles estudantes que

- a) Non superasen os complementos de formación no prazo máximo de tres cuatrimestres consecutivos.
- b) Non presentasen o plan de investigación nos prazos establecidos.
- c) Tivesen dous informes negativos consecutivos na avaliación anual do plan de investigación e do documento de actividades.
- d) Non ter superada a defensa da tese nos prazos establecidos pola normativa.

Non obstante poderán iniciar os estudos de doutoramento na nosa universidade noutro programa distinto ao que causaron a baixa definitiva.

#### **ARTIGO 6. SIMULTANEIDADE DA MATRÍCULA.**

Non se poderá realizar a matrícula simultánea en dous programas de doutoramento.

A simultaneidade de realización de estudos de doutoramento con outro/s estudo/s universitario/s distintos do doutoramento, non será considerada como motivo para a concesión de prórroga.

#### **ARTIGO 7. PREZOS POR SERVIZOS ACADÉMICOS**

**7.1.** O alumnado que formalice a súa matrícula nun programa de doutoramento da UDC satisfará os prezos públicos por servizos académicos que estableza o decreto da Xunta de Galicia polo que se fixan os prezos públicos pola prestación de servizos académicos e administrativos nas universidades do Sistema Universitario de Galicia para o curso académico 2018/2019.

Non obstante, de acordo co disposto no apartado 2 do artigo 9 da Resolución reitoral do 27 de abril de 2012, mediante a que se aproba o procedemento para a recadación de impagados por prezos públicos de matrícula, o alumnado coa matrícula declarada en suspenso por impago no curso académico anterior, cando solicite matricularse de novo na UDC, deberá pagar previamente os atrasos que lle correspondan.

#### **7.2. Exencións e bonificacións no pagamento de prezos públicos por servizos académicos**

Teñen dereito a exención ou bonificación do pagamento de prezos públicos por matrícula nos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais de doutoramento para o curso 2018/2019 os casos que se sinalan a seguir:

<b>Código Seguro De Verificación</b>	ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	17/07/2018 23:03:16
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	8/14
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==">https://sede.udc.gal/services/validation/ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==</a>		





**7.2.1. Familias Numerosas.** Os/as alumnos/as membros de familia numerosa *de categoría xeral* terán unha bonificación dun 50% nos prezos públicos de todas as tarifas do decreto da Xunta de Galicia, de acordo co que dispoñen o artigo 12.2.a) da Lei 40/2003 do 18 de novembro, que desenvolve o Real decreto 1621/2005, do 30 de decembro, e as Instrucións da Vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións do 26 de febreiro de 2008. Os/as alumnos/as membros de familias numerosas *de categoría especial* teñen dereito á exención total do pagamento dos prezos públicos de todas as tarifas mencionadas, de acordo coa normativa citada.

Esta situación acreditarase no momento de formalización da matrícula mediante **fotocopia do título de beneficiario/a** ou renovación actualizada; en caso de necesidade, deberá presentarse o documento orixinal, do que debe deixar constancia o persoal que efectuar a matrícula, ou por calquera medio de proba admisible en dereito.

Se en tal data estivese o título en tramitación, poderanse obter os referidos beneficios acreditando no centro docente a presentación da solicitude de recoñecemento ou renovación, así como unha declaración responsable da categoría en que a queda clasificada. Se antes do 31 de decembro do ano en curso non se presenta a xustificación do título, anularanse automaticamente os beneficios concedidos e procederase ao aboamento do seu importe. Cando o título concedido fose de inferior categoría á declarada, deberase aboar a diferenza que corresponda.

**7.2.2. Empregados/as Públicos/as.** Ten dereito á exención do pagamento de prezos públicos establecidos na tarifa primeira do decreto da Xunta de Galicia o alumnado ao que se lle recoñece o dereito a matrícula gratuíta na Resolución reitoral da UDC do 1 de xullo de 1998, pola que se regulan os supostos de matrícula gratuíta, modificada pola Resolución reitoral do 22 de xaneiro de 2009, e pola Resolución reitoral de 5 de xullo de 2011, nas condicións que nela se establecen.

Esta situación acreditarase no momento da formalización da matrícula de acordo co procedemento establecido na resolución reitoral precitada, mediante certificación emitida pola universidade pública do SUG que corresponda.

**7.2.3. Víctimas de actos terroristas.** Teñen dereito á exención do pagamento dos prezos públicos por servizos académicos establecidos no decreto da Xunta de Galicia, agás os previstos na tarifa terceira, os/as alumnos/as vítimas de actos terroristas, así como os seus cónxuxes e fillos/as, de acordo co que está no artigo 38 da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral das vítimas do terrorismo modificada pola Lei 2/2003, de 12 de marzo, e na normativa que a desenvolve.

Esta situación acreditarase no prazo de matrícula, mediante o informe preceptivo do Ministerio do Interior, ou ben mediante o recoñecemento por parte da Administración Xeral do Estado de pensión extraordinaria por acto de terrorismo, ou por sentenza xudicial firme segundo o disposto no artigo 4 bis, número 3, da lei 32/1999 do 8 de outubro, de solidariedade coas vítimas do terrorismo, ou, no seu caso, por calquera medio de proba admisible en dereito.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	17/07/2018 23:03:16
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	9/14
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==">https://sede.udc.gal/services/validation/ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==</a>		



**7.2.4. Persoas con discapacidade.** Teñen dereito á exención total do pagamento dos prezos públicos de todas as tarifas do no decreto da Xunta de Galicia, de acordo co disposto na disposición adicional 24 da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril, os/as alumnos/as que presenten a resolución expresa da Xunta de Galicia, ou da Seguridade Social, segundo os artigos 1, 2 e 4 do RD lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, e polo Real decreto 1414/2006, de 1 de decembro, sobre o recoñecemento dun grao de discapacidade grave cuxa porcentaxe determinada sexa igual ou superior ao 33%.

Esta situación acreditarase no prazo de matrícula mediante resolución expresa sobre o recoñecemento do grao de discapacidade emitida pola Xunta de Galicia segundo se establece no artigo 10 do Real decreto 1971/1999, de 23 de decembro (BOE de 26 de xaneiro de 2000), ou emitida pola Seguridade Social segundo os artigos 1, 2 e 4 do RD lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, e o Real decreto 1414/2006, de 1 de decembro.

**7.2.5. Víctimas de violencia de xénero.** Teñen dereito á exención do pagamento dos prezos públicos por servizos académicos establecidos no decreto da Xunta de Galicia, agás os previstos na tarifa terceira, os/as alumnos/as que sufran violencia de xénero. Tamén quedarán exentos no caso de seren os seus proxenitores os que a sufran.

A situación de violencia de xénero quedará acreditada por calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a protección e o tratamento integral da violencia de xénero. Para estes efectos, o documento acreditativo de dita condición deberá estar adoptado ou emitido no prazo dos 24 meses inmediatamente anteriores á data de formalización da matrícula.

Para estes efectos, o documento acreditativo da dita condición deberá estar adoptado ou emitido no prazo dos 24 meses inmediatamente anteriores á data de formalización da matrícula.

**7.2.6.** Os orfos de funcionarios civís e de militares que falecesen en acto de servizo terán dereito á exención do pagamento dos prezos públicos establecidos na **tarifa primeira** do decreto da Xunta de Galicia, sempre que sexan persoas non emancipadas e menores de 25 anos, en aplicación da Orde ministerial do 17/08/1982. A gratuidade alcanzará o prezo correspondente á 1.ª matrícula e non cubrirá a segunda e sucesivas matrículas.

### 7.3. Pagamento dos prezos públicos de matrícula

Os prezos públicos de matrícula, xunto cos correspondentes á apertura de expediente, expedición e mantemento de tarxeta, seguros, e de ser o caso taxa de tramitación, poden domiciliarse ou realizarse en efectivo.

**7.3.1.** Non se admitirán domiciliacións para o pagamento dos prezos públicos de matrícula alén do **1 de decembro do ano en curso.**

<b>Código Seguro De Verificación</b>	ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	17/07/2018 23:03:16
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	10/14
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==">https://sede.udc.gal/services/validation/ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==</a>		



O alumno deberá entregar na Oficina de Doutoramento a autorización da domiciliación bancaria, no caso de non constar como titular da conta bancaria no prazo de dez días hábiles dende a realización da matrícula.

**7.3.2.** De ter que realizar a matrícula en créditos que se correspondan co período de formación do doutoramento ou de complementos de formación, no momento de formalizar a súa matrícula, os/as alumnos/as poderán optar polo pagamento íntegro do importe que corresponda, ou polo pagamento fraccionado en catro prazos: un primeiro do 40%, un segundo do 30% , un terceiro do 20% e un cuarto dun 10%.

**7.3.3.** O pagamento da taxa de titoría anual realizarase polo importe íntegro nun único prazo.

**7.3.4.** Para o **pagamento fraccionado**, que só poderá utilizarse para pagamentos en efectivo realizarase dentro dos seguintes prazos:

- 1º prazo: nos 10 días naturais seguintes ao día de efectuar a matrícula.
- 2º prazo: entre os días 1 ao 11 de decembro de 2017, ambos os dous incluídos.
- 3º prazo: entre os días 2 ao 12 de febreiro de 2018, ambos os dous días incluídos.
- 4º prazo: entre os días 2 e 12 de abril de 2018, ambos os dous incluídos.

De non facer efectivo o importe íntegro ou o importe do 1º prazo de matrícula nos prazos establecidos nos apartados anteriores, ou de non presentar aqueles documentos que acrediten o dereito de exención ou bonificación como a autorización da domiciliación bancaria (no caso de que o alumno non conste como titular da conta) e outros documentos necesarios que sinala a Oficina de Doutoramento, no prazo común dos 10 días hábiles seguintes ao día de efectuar a matrícula, sen ter efectuado ningún pago e/ou sen ter presentada a documentación, terase á persoa interesada por desistida da súa solicitude de matrícula, e procederase de oficio, mediante resolución da Vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente, dirixida ao/á interesado/a, a aceptar de plano a desistencia da solicitude da matrícula e declararase concluído o procedemento, coa devolución dos prezos públicos que correspondan (nunca se incluírán as contías do seguro escolar e prezos de secretaría), se proceder, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

No caso de terse efectuado o pagamento do 1º prazo, pero non os correspondentes aos 2º, 3º ou 4º prazos, a Oficina de Doutoramento, **antes do 5 de xaneiro, antes do 2 de marzo, ou antes do 27 de abril** respectivamente, seguirán o procedemento establecido no artigo 5 da Resolución reitoral do 27 de abril de 2012, mediante a que se aproba o procedemento para a recadación de impagados por prezos públicos de matrícula.

**7.3.5.** Os/as alumnos/as que están no período de elaboración, presentación e lectura da tese de doutoramento, deberán aboar ademais do seguro escolar (no caso de ser menor de 28 anos) o importe da tarxeta universitaria e mais a taxa por titoría anual de doutoramento. No caso de incorporarse por 1ª vez ao programa deberá aboar tamén as taxas de apertura de expediente.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	17/07/2018 23:03:16
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	11/14
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==">https://sede.udc.gal/services/validation/ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==</a>		



**7.3.6.** De ter que matricularse de créditos dos complementos de formación específicos, aos efectos de prezos públicos, estes terán a consideración de créditos a nivel de doutoramento.

**7.4.** Establecerase **unha recarga por un importe de 30 euros**, ou o recargo que estableza a Xunta de Galicia, no seu caso, en concepto de gastos de xestión e tramitación, no caso de existir atraso no pagamento dos prezos públicos que se deben satisfacer, así como no caso de reactivación da matrícula tras ser declarada en suspenso por falta de pagamento, sen prexuízo do que está disposto no artigo 9 da Resolución reitoral do 27 de abril de 2012, mediante a que se aproba o procedemento para a recadación de impagados por prezos públicos de matrícula.

**7.5.** A matrícula na etapa de tese outorgaralles o dereito á tutela académica, á utilización dos recursos necesarios para o desenvolvemento do seu traballo é a plenitude dos dereitos previstos pola normativa para o alumnado de doutoramento.

**7.6.** O alumnado que posúa a condición de **solicitante de bolsa de estudos de doutoramento** (FPI, FPU, bolseiros AECE ou MUTIS) poderá aprazar o pagamento do prezo da matrícula até que se resolva a súa petición, presentando o xustificante acreditativo da solicitude de bolsa no momento de realizaren a matrícula, sempre que o dereito á matrícula gratuíta figure explicitamente na convocatoria alegada, así como a compensación do importe á universidade.

No suposto de alumnado solicitante ou beneficiario dunha bolsa distinta á que se refire no apartado anterior, para se acoller aos beneficios de exención de prezos públicos, este beneficio deberá figurar explicitamente na norma que publique a convocatoria alegada, así como a compensación do importe á universidade.

Se o alumnado fora beneficiario dalgunha exención ou bonificación, deberao acreditar no momento de formalizar a matrícula.

## ARTIGO 8. SEGUROS

Será obrigatorio o pagamento do seguro escolar para os alumnos españois, para os alumnos nacionais dos estados membros do EEES e para o resto dos estudantes estranxeiros residentes que formalicen a súa matrícula en estudos oficiais e sexan menores de 28 anos.

O alumnado maior de 28 anos, o alumnado estranxeiro non residente e todo o alumnado entrante de mobilidade internacional ten a obriga de subscribir o seguro que se indica no proceso de matrícula; porén aqueles alumnos que pertencen a programas específicos, que impliquen a obriga de contratar outro seguro coas coberturas mínimas esixibles, non terán que aboalo.

Os estudantes españois, os nacionais dos estados membros do EEES e o resto dos estudantes estranxeiros residentes que formalicen a súa matrícula en estudos oficiais de doutoramento, e sexan menores de 28 anos, poderán subscribir voluntariamente un seguro idéntico ao anterior como complemento do seguro escolar.

## ARTIGO 9. PROCEDEMENTO DE MATRÍCULA

<b>Código Seguro De Verificación</b>	ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	17/07/2018 23:03:16
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	12/14
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==">https://sede.udc.gal/services/validation/ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==</a>		



O alumnado matricularase no prazo establecido no Calendario de Estudos de Doutoramento, por medio da páxina web da UDC ([www.udc.es](http://www.udc.es)) a través da **secretaría virtual da UDC**. De optar por realizar a súa matrícula de forma presencial na Oficina de Doutoramento (Pavillón Estudantil, Campus de Elviña), deberase aboar a taxa que corresponde por esa xestión.

Deberase achegar á Oficina de Doutoramento a seguinte documentación no prazo de 10 días hábiles:

- Autorización da domiciliación bancaria, no caso de non constar como titular da conta bancaria.
- Xustificante de exención ou redución de prezos de matrícula, de ser o caso.
- Xustificante de solicitude de bolsa, de ser o caso.
- Xustificante de ter realizado o pagamento, caso de optar pola modalidade de pagamento en efectivo.

#### **ARTIGO 10. DESISTENCIA DE MATRÍCULA**

Os estudantes poderán solicitar a desistencia da matrícula de acordo co que se dispón a seguir:

A desistencia total da matrícula só se estimará de se solicitar como data tope o día 30 de novembro de 2018, inclusive.

A estimación da solicitude de desistencia total de matrícula realizada no período indicado poderá levar consigo a devolución dos prezos públicos aboados. Non se devolverán as contías que correspondan ao seguro escolar e prezos de secretaría.

Se o alumno que solicita a desistencia de matrícula ten a condición de solicitante de bolsa, deberá solicitar ao mesmo tempo a desistencia da súa solicitude de bolsa.

Non obstante o prazo indicado no apartado precedente, o reitor poderá estimar en calquera momento a solicitude de desistencia da matrícula, e resolver a súa anulación, naquelas situacións en que concorreren circunstancias excepcionais debidamente motivadas polas persoas interesadas. A resolución poderá levar consigo, no seu caso, a devolución dos prezos públicos aboados que corresponder.

A desistencia total da matrícula levará consigo a perda de todos os dereitos que dela se deriven.

#### **ARTIGO 11. PRAZOS**

Os prazos de solicitude de admisión nun determinado programa así como os de matrícula serán os que se establezan no Calendario de Estudos de Doutoramento aprobado polo Consello de Goberno da UDC (anexo I).

#### **ARTIGO 12. DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA DE MATRÍCULA**

Ao abeiro do disposto no artigo 8 da Resolución do 12 de xaneiro de 2016, pola que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais da UDC e as competencias dos seus

<b>Código Seguro De Verificación</b>	ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	17/07/2018 23:03:16
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	13/14
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==">https://sede.udc.gal/services/validation/ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==</a>		



órganos directivos, facúltase á Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente para ditar as resolucións e as instrucións precisas que aclararen, interpretaren ou desenvolveren esta normativa académica, á que se lles dará a publicidade necesaria nos taboleiros de anuncios dos centros universitarios, na web da Universidade da Coruña e naqueles outros lugares ou medios que se consideren oportunos.

A Coruña  
O reitor  
Julio Ernesto Abalde Alonso

<b>Código Seguro De Verificación</b>	ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	17/07/2018 23:03:16
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	14/14
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==">https://sede.udc.gal/services/validation/ZIWSjkhk3TjtE78pY8CoSA==</a>		





## Calendario de admisión e matrícula en estudos de doutoramento 2018/2019

Aprobado en Consello de Goberno do 29 de maio de 2018

Admisión e matrícula nun programa de doutoramento		
1º prazo ordinario	10 de agosto de 2018 – 14 de setembro de 2018	<b>* Solicitud de admisión</b> (para o alumnado que <b>accede por primeira vez</b> ao programa).
	21 de setembro de 2018	Publicación da <b>lista provisional de solicitudes admitidas e excluídas</b> .
	24-27 de setembro de 2018	<b>Reclamación</b> á lista provisional.
	2 de outubro de 2018	Publicación da <b>lista definitiva de alumnado admitido e excluído</b> . Comunicación desta lista á Oficina de Doutoramento.
	<b>03-15 de outubro de 2018</b>	<b>Matrícula.</b>
2º prazo ordinario	22 de febreiro de 2019 – 6 de marzo de 2019	<b>** Solicitud de admisión</b> (para o alumnado que <b>accede por primeira vez</b> ao programa): <b>SÓ EN PROGRAMAS CON PRAZAS VACANTES</b>
	8 de marzo de 2019	Publicación da <b>lista provisional de solicitudes admitidas e excluídas</b> .
	11-13 de marzo de 2019	<b>Reclamación</b> á lista provisional.
	15 de marzo de 2019	Publicación da <b>lista definitiva de alumnado admitido e excluído</b> . Comunicación desta lista á Oficina de Doutoramento.
	<b>18-22 de marzo de 2019</b>	<b>Matrícula.</b>
Matrícula de continuación de estudos de doutoramento		
<b>03-15 de outubro de 2018</b>	<b>Matrícula de continuación</b> de estudos nun programa de doutoramento.	
Solicitud de desistencia de matrícula		
30 de novembro de 2018	Fin do prazo para solicitar a <b>desistencia da matrícula</b> realizada, con dereito á devolución dos prezos públicos aboados.	

**Alumnado pendente da defensa do Traballo Fin de Mestrado (TFM).** O alumnado que defenda o TFM nas convocatorias de setembro de 2018\* ou febreiro-marzo de 2019\*\* poderá solicitar a admisión nun programa:

- aportando a certificación de que vai realizar ou ten realizada a defensa do TFM.
- entregando no período de reclamación á lista provisional a certificación de ter superado o TFM.

**Solicitudes de admisión e reclamacións:** deberán ser dirixidas á *Comisión Académica do programa de doutoramento* e presentadas coa documentación requirida na UADI (Unidade de Apoio a Departamentos e Investigación) do centro.

**Publicación das listas provisoria e definitiva de alumnado admitido e excluído:** no taboleiro de anuncios da UADI do centro e na páxina web do centro ou Programa de Doutoramento.

**Matrícula:** realizarase a través da *Secretaría Virtual do/a Estudante* e a documentación requirida entregarase na *Sección de Estudos de Doutoramento* (Pavillón de Estudantes-Campus de Elviña).

**Admisión/Renovación/Matrícula:** farase a través da Secretaría Virtual no seguinte enlace:

- Estudantado da UDC: <https://matricula.udc.es/Secretaria/Login.asp>
- Estudantado externo á UDC: <https://matricula.udc.es/LoginX/Login.asp>

**Período lectivo nos estudos de doutoramento.** Interromperase desde o día 22 de decembro de 2018 ata o día 7 de xaneiro de 2019 (ambos os dous incluídos), os días 4 e 5 de marzo de 2019 e desde o día 15 ao día 22 de abril de 2019 (ambos os dous incluídos). Terá carácter festivo o día 28 de xaneiro de 2019 pola festividade de San Tomé de Aquino. Así mesmo, posuirán carácter festivo os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e das cidades onde estea cada centro. Non será lectivo o mes de agosto.

DILIXENCIA para facer constar que o presente documento foi aprobado polo Consello de Goberno do **29 de maio de 2018**  
O secretario xeral

Código Seguro De Verificación	2P+Em/Wv5h1lxCVDCVn8ig==	Estado	Asinado	Data e hora	31/05/2018 11:55:48
Asinado Por	Secretario Xeral Carlos Ignacio Aymerich Cano		Páxina	1/1	
Observacións					
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/2P+Em/Wv5h1lxCVDCVn8ig==">https://sede.udc.gal/services/validation/2P+Em/Wv5h1lxCVDCVn8ig==</a>				

